



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN DATA 4 DE XUÑO DE 2026

PRESIDENTE:

PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:

CARMELA PRIETO CAL

JESÚS ROMERO CARRACELAS

LUCÍA PICOS ANEIROS

ISMAEL DURÁN BEREJO

XULIO CRIBEIRO GARCÍA

PABLO LUÍS NEBRIL LÓPEZ

OLGA IGLESIAS BEREJO

HIGINIO MANUEL CASAS REGUEIRA

MARÍA JOSÉ PERNAS DÍAZ

NOEL LÓPEZ LÓPEZ

Mª DIANA CENDÁN RODRÍGUEZ

AUSENTES:

Escusa a súa asistencia a Concelleira:

MANUELA LÓPEZ RODRÍGUEZ

SECRETARIO:

NEDAL PABLO SHEHADEH REY

INTERVENTORA:

Mª CARMEN MENÉNDEZ ARES

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira (A Coruña), ás 10:37 horas do día 4 de xuño de 2026, reúnese o Concello Pleno en primeira convocatoria, previa convocatoria para os efectos, co obxecto de realizar sesión ordinaria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretario da Corporación, don Nedal Pablo Shehadeh Rey, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións plenarias, declara aberta esta.

O Sr. Alcalde di: Bueno, bo día a todas e todos, benvidos e benvidas a este Pleno ordinario. Sobre todo, darvos as grazas a toda a comunidade escolar, tanto do CEIP como do IES Punta Candieira, por estar hoxe presentes aquí. E bueno, ides a compartir con nós o que significa, o que é un Pleno, un Pleno ordinario, onde se debaten, a parte das vosas propostas, pois todas as propostas que teñen que ver co funcionamento orgánico dun Concello, vale? Como ides a ver, o que se vai facer primeiro, cando se lea unha proposta, despois de ler esa proposta o que se fai é se debate entre nosoutros, vosoutros ides a presentala, ides explicar por qué queredes que se faga e como se aproba e todo ese traballo e, a partir de aí, pois nosoutros imos a deliberar se se aproban ou non se aproban, vale? Tomamos a palabra os tres grupos que formamos parte do Goberno municipal e nada. Calquera dúbida que teñades.. Nosoutros o



que si que imos a procurar é, como nas aulas, ter un pouquiño de silencio para todo iso. Se alguén quere preguntar non imos ter ningún problema. Vale? E agora teño que xustificar un pouquiño por qué se adianta este Pleno, vale? Porque este Pleno realmente tiña que ser mañá, pero polas 48 horas.... Atrasar, perdón, atrasar, atrasar. Entón, bueno, teño aquí unha nota que me deixaron que vola vou a ler, que me pasaron desde Secretaría.

O Sr. Alcalde lee: Os orzamentos participativos co alumnado do IES Punta Candieira, as propostas do grupo de participación infantil e adolescencia do CLIA son o resultado do traballo levado a cabo polo alumando durante todo o curso escolar 2025-2026. Parte deste traballo remata coas votacións e co recuento das propostas máis votadas que tiveron lugar na data 25 de maio deste mesmo ano, polo que se decide pospoñer o Pleno ordinario para o día de hoxe, co fin de que as propostas de Alcaldía para a inclusión no Orzamento municipal da execución dos proxectos máis votados polo alumnado, poidan ser ditaminadas na Comisión Informativa de Plenos e ser incluídas na orde do día deste Pleno.

Así mesmo, para que poida asistir tamén o alumnado, realízase esta sesión plenaria en horario de mañá.

O Sr. Alcalde continúa dicindo: Estamos todos os Concelleiros menos unha Concelleira, que se chama Manoli, que igual a coñeces que é profe, tamén ela é profe nun colexio en Ferrol e hoxe non puido estar aquí, así que imos a desculpar a súa ausencia, vale?

Hoxe, antes tamén de comezar, quería presentar ao novo Secretario do Concello. Bueno, xa vedes que aquí aparte dos Concelleiros e Alcaldía, pois teño a Interventora do Concello, que é a que, digamos, a xefa de toda a parte económica que hai, e aquí está o novo Secretario, que se chama Nedal, que é a parte xurídica máis importante que hai no Concello. É dicir, eles son realmente os máis importantes que hai neste Concello porque todo o que se fai no Concello leva os seus informes, vale? Nedal vai estar aquí con nosoutros ata decembro-xaneiro, en principio, pero bueno, outros viñeron así e ao final quedáronse moitos anos. Entón, bueno, primeiro quería tamén presentarlle aos Concelleiros porque igual a algún non o coñece, entón bueno, vanse ir presentando cada un, un por un, e vanche dicindo a que partido pertencen, vale? Porque así tamén o noso público, que temos hoxe aquí, pois saiban quenes son. Empezamos.

O Sr. Casas Regueira di: Eu son Higinio Casas e son do Partido Popular.

O Sr. Romero Carracelas di: Eu son Jesús Romero, do Partido Socialista.

O Sr. Durán Bereijo di: Ismael Durán, Partido Socialista.

A Sra. Iglesias Bereijo di: Olga Iglesias, do PP.

O Sr. Nebril López di: Pablo Nebril, do PP tamén.

O Sr. Cribeiro García di: Eu son Xulio Cribeiro e son o portavoz do Partido Popular de Cedeira.

A Sra. Pernas Díaz di: Eu son María Pernas, do BNG.

A Sra. Prieto Cal di: Eu son Carmela, do PSOE.

A Sra. Picos Aneiros di: Lucía Picos, do PSOE.

O Sr. López López di: Eu son Noel, do BNG.

A Sra. Cendán Rodríguez di: E eu son Diana do BNG.



O Sr. Alcalde di: E eu son Pablo, do PSOE.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO PLENO ORDINARIO DE DATA 26.03.2026.

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión de data 26.03.2026.

A Presidencia somete a votación ordinaria a aprobación da acta do pleno anterior, correspondente ao ordinario de data 26.03.2026, resultando aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes.

2. ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS CO ALUMNADO DO IES PUNTA CANDIEIRA CURSO 2025/2026

Polo Secretario dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 1 de xuño de 2026, que di:

“Vista a Proposta da Alcaldía de data 26.05.2026, que di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS CO ALUMNADO DO IES PUNTA CANDIEIRA CURSO 2025/2026

O cometido desta proposta é o de informar da VI Edición do proceso de **Orzamentos Participativos Escolares** executados durante o curso escolar 2025/2026 no IES Punta Candieira, entre os meses de outubro de 2025 a xuño de 2026, para a súa presentación ante o Pleno Municipal.

No mes de outubro de 2025 deron comezo as reunións co profesorado responsable das aulas de 4º ESO, de 1º FP Básica na rama de Electricidade e coa xefatura de estudos, para iniciar os talleres e infórmase ao profesorado de todo o IES do proceso a través dunha campaña (consistente en diversos dispositivos divulgativos (infografías nas aulas e espazos comúns) e mediante unha sesión informativa á que se convocan ademais aos delegados/as de aula. Efectúase, ademais, unha xornada de avaliación do proceso do curso anterior e reformúlase o calendario para o curso actual. Así, nos meses de novembro de 2025 a xaneiro de 2026 tiveron lugar as accións formativas co alumnado de 1º FP Básica de Electricidade nas que se impartiron contidos sobre democracia local, organización municipal e investigación social do territorio. Tamén se efectuaron diversas sesións de avaliación e de formulación de proxectos co alumnado de 4º ESO. No mes de febreiro e marzo reforzouse a campaña divulgativa para recoller propostas de todo o alumnado e profesorado, recompilando finalmente un total de 116 iniciativas que foron entregadas o día 26.03.2026 á Concellería-Delegada de Educación, Mocidade e Normalización Lingüística. Estas propostas ordenáronse e agrupáronse baixo as tres temáticas que este curso van a ser elevadas a Asemblea (Medio Ambiente, Saúde e Benestar e Patrimonio Cultural e Memoria).

O persoal municipal elaborou posteriormente os informes de viabilidade destes proxectos, dando conta das que son de competencia municipal e viables (técnica, económica e xuridicamente), asignándolles a cada unha delas un orzamento de custe económico, tendo presente que a contía máxima para o proceso participativo é de 20.000,00 €. As propostas viables foron as seguintes:

Título	Quen realiza a proposta	En que consiste	Custe
--------	-------------------------	-----------------	-------



1. Bulder na zona da praia ou paseo	1º ESO B	Instalación dun bulder ou similar (tipo estrutura de escalada de iniciación estilo parque infantil)	20.000 €
2. Promover a saúde a través do deporte: melloras no Bowl e zona street	2º BAC A	Mellora e acondicionamento das instalacións de skate, incluíndo actuacións puntuais no bowl e principalmente a mellora da zona street.	20.000 €
3. Cine/ Cine na Rúa	1º ESO B 1º BAC A 1º BAC B	Organización de proxeccións de cine ao aire libre ('Cine na Rúa'), con sesións de carácter cultural e comunitario en espazos públicos da vila	4.000 € (4 sesións)
4. Proposta de Actividades de Turismo Activo	1º ESO A 2º ESO A 4º ESO B	Rutas en kayak e actividades de escalada na Serra da Capelada, entre outras.	8.000 € (4 programas)
5. Limpeza e acceso a Sonreiras	1º BAC A	Mellora ambiental e limpeza, acondicionamento do acceso a Sonreiras, co obxectivo de mellorar a seguridade, accesibilidade e estado xeral do espazo.	5.000 € (supeditado a permiso de Demarcación de Costas)
6. Parque Canino	2º ESO B 4º ESO A 1º BAC A	Acondicionamento do terreo, instalación de valado perimetral e mobiliario básico para o uso seguro dos animais.	12.000 €
7. As praias limpas	1º ESO A	Xornadas de limpeza de praias con carácter educativo e ambiental, en colaboración con ADEGA, incluíndo actividades explicativas e de sensibilización sobre o coidado do litoral.	2.000 € (2 xornadas de limpeza)
8. Cedeira ten memoria	Profesorado	Paneis informativos, códigos QR, adaptación en braille e pictogramas na vila, co obxectivo de poñer en valor o patrimonio inmaterial e facer accesible a información a toda a cidadanía.	15.000 €
9. Compartindo experiencias: aprendendo dos nosos maiores	Profesorado	Excursións e encontros interxeracionais guiados para a recuperación da memoria colectiva da vila, destinadas a poñer en valor os oficios tradicionais, as formas de vida e o patrimonio inmaterial a través do diálogo entre persoas maiores e mocidade.	10.000 €

Organízase unha exposición na entrada do IES coas propostas informadas no mes de abril e que se mantén ate maio. Na 1ª quincena de maio realízanse charlas nas aulas nas que constan propostas viables para preparar a asemblea coas persoas propoñentes.



O día 21.05.2026 celébrase a Asemblea de defensa de propostas, abrindo un prazo dende esta xornada ate o día 25 de maio para a votación de propostas, aberta a todo o alumnado, profesorado e persoal do IES, habilitando unha urna na Biblioteca do centro escolar. En dita Asemblea preséntanse as propostas viables por parte do alumnado e profesorado proponente, realizando unha defensa na súa descrición e o detalle dos importes.

O día 25.05.2026 realízase o recuento, tendo como resultado a seguinte proposta:

Título	Custe	Votación
1. Bulder na zona da praia ou paseo	20.000 €	6
2. Promover a saúde a través do deporte: melloras no Bowl e zona street	20.000 €	21
3. Cine/ Cine na Rúa	4.000 € (4 sesións)	46
4. Proposta de Actividades de Turismo Activo	8.000 € (4 programas)	49
5. Limpeza e acceso a Sonreiras	5.000 € (supeditado a permiso de Demarcación de Costas)	49
6. Parque Canino	12.000 €	26
7. As praias limpas	2.000 € (2 xornadas de limpeza)	22
8. Cedeira ten memoria	15.000 €	4
9. Compartindo experiencias: aprendendo dos nosos maiores	10.000 €	1

Tras os resultados da votación das propostas e tendo en conta que a contía dispoñible é de 20.000 euros, considéranse viables as seguintes propostas máis votadas:

- **Actividades de Turismo Activo**
- **Limpeza e acceso a Sonreiras**
- **Cine na Rúa**

Como a suma destas tres propostas ascende a 17.000 euros, acordouse continuar coa valoración das seguintes propostas. O parque canino (26 puntos) queda excluído por exceder o orzamento previsto e engádesse a proposta “**As Praias Limpas**”. Coa incorporación desta proposta, o importe total ascende a 19.000 euros. Os 1.000 euros restantes decídese destinalos á proposta de Actividades de Turismo Activo, chegando así aos 20.000 euros establecidos.

Por todo o anterior, proponho ao Pleno do Concello a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Realizar os trámites necesarios para a inclusión no Orzamento Municipal da execución dos seguintes proxectos:

- **Actividades de Turismo Activo por un valor de 9.000 euros.**
- **Limpeza e acceso a Sonreiras por un valor de 5.000 euros.**



- **Cine na Rúa por un valor de 4.000 euros.**
- **As Praias Limpas por un valor de 2.000 euros.**

Ascendendo o importe total das actuacións aos 20.000 euros establecidos.”

A Comisión, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ditaminar a devandita proposta favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións, o alumno 1 di: Bo día, eu son Álvaro e son alumno de 4º da ESO, e eu xa participei nos Orzamentos participativos dende o ano anterior, cando se realizaba a formación, en 3º da ESO, nos talleres realizábamnos paneis na aula sobre as necesidades de Cedeira e aprendíamos cómo funcionaba o Concello. No meu caso, ademais, presenteí unha proposta a que saíu, foi á asamblea e saíu, ou sexa se aprobou e foi en ruta de BTT. E este ano, en 4º, fixemos talleres nos que analizamos as propostas dos anos anteriores e presentamos algunhas ideas á asamblea, que neste caso non foron aprobadas. Para min a experiencia foi boa e comprobamos que as nosas demandas son escoitadas e se levan a cabo.

O Sr. Alcalde di: Grazas, Álvaro.

A alumna 2 di: Bo día, eu son Catuxa, alumna de 2º da ESO e este curso foi a primeira vez que participaba xunto a todo o instituto realizando propostas nas horas de tutorías nas aulas. Na miña aula presentaron varias ideas como o parque canino. Finalmente, chegaron á asamblea os 9 proxectos que se mencionaron antes. Eu votei pola proposta de Cedeira ten memoria, pero finalmente non saíu aprobada. Con esta experiencia aprendemos a reflexionar sobre as necesidades da Vila, e a asumir que ás veces as nosas ideas e preferencias non coinciden coas da maioría, pero é un aprendizaxe o feito de falar e debater, analizando o que é necesario mellorar para a poboación de Cedeira.

O Sr. Alcalde di: Moitas grazas Catuxa. Vai intervir en primeiro lugar o, digamos neste caso, o portavoz, non do BNG, pero é Concelleiro de Educación que vai defender, dende o Grupo de goberno, esta proposta.

O Sr. López López di: Bueno, hoxe traemos aquí, a este Pleno, a 6º edición dos Orzamentos participativos escolares. Lévanse facendo dende o 2020, e consideramos que é unha ferramenta de participación real, non? Como xa vos comentei a moitos de vos na asamblea, é unha forma de que coñezades o funcionamento da Administración, reflexionedes sobre as necesidades e, a maiores, este proceso, pon en valor proxectos que igual a nós quedábanos no tinteiro ou directamente non ollábamnos para eles. Durante o traballo que realizáchedes este curso, víchedes que hai unha capacidade para escoitar diferentes opinións, debater ideas, buscar solucións e tomar decisións, que realmente é o que se fai nos Plenos, non? Entón, nesta edición volvemos a comprobar que sodes, bueno que estivesdes moi implicados e comprometidos toda a comunidade educativa co proceso e bueno, foi unha modificación este ano no proxecto, ampliándoo un pouco a todo o IES e obtemos un número moi elevado de propostas, as 116 propostas que se agruparon segundo as temáticas e chegaron esas 9 viables á asamblea.

Quero agradecer en todo momento o esforzo pola vosa parte, pola parte do profesorado do IES, a Maika, claramente, por estar todo o ano a cañón cos nenos e nenas, e pretendemos que estes Orzamentos participativos sexan un referente de participación e educación democrática, xa non só en Cedeira, que consideramos que xa están instaurados e que xa podemos considerar que xa todos os coñecedes e sabedes como funcionan, senón un pouco a nivel galego e a nivel España. Por todo isto, sometemos hoxe a este Pleno a consideración das vosas propostas pensando que a participación da mocidade e tamén investir nun futuro para o noso Concello. Moitas grazas.



O Sr. Alcalde di: Moitas grazas, Noel. Pásolle a palabra a Xulio, portavoz do Partido Popular.

O Sr. Cribeiro García di: Si, eu quería facer primeiro unha pregunta; se o profesorado e os alumnos se van quedar ata o final do Pleno, ou solo neste punto.

O Sr. Alcalde di: É decisión deles.

Profesora do CEIP di: Non sabemos cal será a duración.

O Sr. Cribeiro García di: Eu dígoo por unha...

Profesora do CEIP di: Máis actividades no centro.

Profesora do IES di: Os do IES vámonos, porque teñen exames despois.

O Sr. Cribeiro García di: Vale.

Profesora do IES di: Imos ademais moi presionados co tempo.

O Sr. Cribeiro García di: Mira, en primeiro lugar benvidos e grazas ao esforzo do profesorado e do alumnado polo traballo que fixéchedes nestas actuacións participativas. Grazas por participar no medio máis cercano que existe para o cidadán, que é o Concello. Vexo xente que se está acercando aos 18 anos, un dos medios máis positivos para cambiar a vida dos cidadáns son os concellos, dentro de pouco algún e algunha terá 18 anos e eu ánimovos a que participedes en política e que participedes nas eleccións nos concellos e algún ou algunha poderá ser Alcadesa de Cedeira. Preguntaba antes se iades estar ata o final, porque sabedes que nos Plenos hai rogos e preguntas, e nosoutros hoxe a parte de votar a favor dos Orzamentos participativos que fixéchedes, ímoslle facer un rogo ao señor Alcalde e á Corporación para que, en caso de que España chegue á final do mundial, que poña unha pantalla xigante nalgún lugar de Cedeira.

O Sr. Alcalde di: Bueno, moitas grazas, moi ben non sei se algún máis quere participar, quere dicir algo a maiores. Aínda que non o teñades aí apuntado. Que tal foi a experiencia? Todo iso... Nada?

Bueno, a ver pois para rematar vou rematar eu, un pouquiño tamén... unha opinión persoal pero bueno, creo que a miña opinión é a que teñen todos os concelleiros que hai de todos os partidos que estamos aquí representados. Creo que hai unha serie de puntos moi importantes, vale? O primeiro é que aprendedes, traballástedes nunha democracia na práctica, é dicir, empezáchedes a coñecer como funcionan as institucións, unha cousa é estudialo nos libros de texto e outra cousa é a práctica real que tedes cada vez, non? De como realmente se traballa nunha institución cunha cantidade de diñeiro para acadar un proxecto, non? Outro é que tamén tedes un pensamento crítico diferente, igual ao que moitas veces temos, e non somos capaces de visualizar nosoutros que somos máis maiores, non? Onde ese pensamento crítico vos leva a ver unhas necesidades e unhas demandas que van a ser beneficiosas para o resto do pobo. Traballar sobre iso pois é verdade que na práctica é algo moi positivo, non? Fomentar esa responsabilidade, vedes que tedes unha cantidade de diñeiro, neste caso 20.000 €, e ao final tedes que traballar con responsabilidade sobre iso, porque ao final é diñeiro público que sempre ao final temos limitado, é dicir, unha das claves deste proxecto... Vosoutros tedes un orzamento de 20.000 e nosoutros temos un Orzamento no Concello de x millóns de euros, entón así vosoutros tedes que ver como se pode garantir que saian proxectos á realidade, como nosoutros temos que garantir que saian proxectos á realidade co Orzamento do Concello, vale? Pensade que un orzamento dun Concello solo, case a metade vaise en soldos e salarios dos traballadores do Concello, temos moitísimos, bueno ao final é a empresa máis grande, non?



Despois, creo que tamén tedes unhas melloras moi boas en canto a vosa comunicación porque ao final pois tedes que facer propostas, negociar entre vosoutros, tedes que chegar a acordos. Supoño que un ten unha idea que lle parece marabillosa, pois a outro lle parece unha idea que igual non ten tanta importancia, entón, ao final, tedes que considerar aquelas cousas que son máis relevantes e máis importantes para poder levar a cabo. Iso tamén forma parte dese proceso de comunicación, como a comunicación que debemos de ter nosoutros aquí como nos está facendo, por exemplo, unha proposta dende o Partido Popular, un rogo que o farán ao final, porque agora non o van a facer o seu rogo para que se teña en consideración sobre algo positivo, non?

E despois bueno, esa implicación que tedes no entorno, porque ao final non sodes, non pensades en vosoutros solos, nin en vosoutras, pensades nun pobo, sabes? Iso é moi importante, ao final tedes que pensar que cada decisión que tomedes, detrás está a poboación de Cedeira que vai ser a beneficiaria dese gran proxecto. E isto é o máis bonito, no? É pensar sempre que a vida pública forma a ser parte dun exercicio de dereito, e ese exercicio de dereito pois leva esa responsabilidade, esa responsabilidade que, ao final, fixéstedes coas votacións cando acadástedes chegar a esas conclusións, vale? Así que bueno, creo que dende toda a Corporación municipal, grazas a todas e a todos por participar. Polo traballo, a Maika, ás mestras, a toda a comunidade, a todas aquelas e aqueles que non puideron hoxe estar aquí, e continuaremos, como dixo antes Noel son os 6º Orzamentos participativos, seguiremos ata que haxa un parque canino.

Público: (risas)

O Sr. Alcalde di: Porque levamos, de verdade, co do parque canino 6 anos. Entón, traballaremos para que haxa un parque canino, e imos intentar a ver se este ano, incluso recollendo algunha das propostas que non saíron, somos capaces de facer un parque canino, que xa nos diredes, aqueles que propuxeron o parque canino, onde queredes que sexa o parque canino. Iso tamén non é sinxelo, non é solo a idea, senón despois tamén podela executar e buscar a ubicación máis adecuada. Así que nada, reitero as nosas grazas a todas e a todos e de verdade que moitas grazas por participar.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

3. PROPOSTAS DO GRUPO DE PARTICIPACIÓN INFANTIL E ADOLESCENTE DO CONSELLO LOCAL DE INFANCIA E ADOLESCENCIA DE CEDEIRA. RESULTADO DE TRABALLO CON REPRESENTANTES DO CEIP NICOLÁS DEL RÍO E DO IES PUNTA CANDIEIRA (CURSO 2025/26)

Polo Secretario dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 1 de xuño de 2026, que di:

“Vista a proposta da Alcaldía de data 26.05.2026, que di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: PROPOSTAS DO GRUPO DE PARTICIPACIÓN INFANTIL E ADOLESCENTE DO CONSELLO LOCAL DE INFANCIA E ADOLESCENCIA DE CEDEIRA. RESULTADO DE TRABALLO CON REPRESENTANTES DO CEIP NICOLÁS DEL RÍO E DO IES PUNTA CANDIEIRA (CURSO 2025/26).

O cometido desta proposta é o de informar do proceso de participación desenvolto no marco do Consello Local de Infancia e Adolescencia de Cedeira durante o curso académico 2025/26, para a presentación das



propostas realizadas polo grupo de representantes do Ceip Nicolás del Río e do IES Punta Candieira ante o Pleno municipal.

Tomando como referencia o I Plan de Infancia e Adolescencia do Concello de Cedeira e as medidas contempladas nel, o grupo de representantes «Ondiñas na Vila» levou a cabo un proceso selectivo para escoller a liña ou liñas de traballo que consideraban prioritarias para propoñerlle ao Concello de Cedeira.

O **grupo de representantes do Ceip Nicolás del Río** priorizou a *medida 5.14.* do citado plan, que supón a organización de eventos ou torneos deportivos. Neste caso, a proposta seleccionada pola rapazada, parte da organización dunha xornada multideporte a partir da cal poder experimentar diferentes disciplinas deportivas, entre as que se atopa: o datchball, a petanca, o baloncesto e o fútbolín.

A inversión solicitada ao Concello de Cedeira require sufragar a participación da xornada do Clube Petanca Coruña, e a adquisición de 3 fútbolíns, xa que o resto de propostas se desenvolverán con medios propios, polo que a inversión ascende a un **total de 1.300 euros**.

O **grupo de representantes do IES Punta Candieira** decidiu, pola súa banda, centrarse na *medida 4.12.*, que supón *a creación de murais por parte das nenas, nenos e adolescentes en muros deteriorados da vila de Cedeira*. Neste caso, a proposta que fixo o grupo supón a contratación do viñetista e muralista Luís Dávila, para crear un mural colaborativo nunha parede situada na zona deportiva -próximo ás pistas de pádel-. En **total**, o desenvolvemento desta acción suporía un total de **4.465 euros**.

Como resultado do traballo realizado polo grupo «Ondiñas na Vila» a proposta que se leva ao Pleno municipal, supón unha **reserva orzamentaria de 5.765 euros**.

Por todo o anterior, propoño ao Concello Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Realizar os trámites necesarios para a inclusión no presuposto municipal da execución do seguinte proxecto: xornada multideporte/mural colaborativo por importe de **5.765 euros**.”

A Comisión, por unanimidade dos seus membros presentes acorda ditaminar a devandita proposta favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Alcalde di: Comezamos coa intervención, rapaces?

O alumno 3 di: Ola, bo día, somos o grupo de Ondiñas na Vila do Consello Local de Infancia e Adolescencia de Cedeira, alumnado de 5º e 6º de educación primaria do CEIP Nicolás del Río. Chamámonos Mael, Marcos, Rosa, Adán, Diego, Emma, Carmen, Lucía, Izan, Andrei e Alba. A continuación, ímosvos explicar a proposta que queremos facer neste Pleno infantil.

O alumno 4 di: Queremos organizar unha xornada multideporte na que poderán participar persoas de todas as idades. Os deportes que nos gustaría que estiveran presentados son: a petanca, o baloncesto, o fútbolín e o datchball e, ao mellor, poderíamos xa engadir o fútbol-tenis. Para organizar contaríamos coa colaboración, entre outras persoas, co Cedeira Basket e un club de petanca da Coruña. A proposta sería para celebrarse o 20 de xuño de 2026, facendo actividades dende pola mañá ata pola noite.

O alumno 5 di: Pensamos que esta proposta trae importantes beneficios á vila de Cedeira, entre outros: facer deporte ao aire libre e coñecer moitos deportes e persoas, que as persoas poidan pasalo ben ao aire libre é beneficioso para a saúde, e podes atopar o deporte que máis che gusta.



O alumno 6 di: Gustaríanos que poidades realizar a nosa proposta porque nos esforzamos moito en facela. Pensamos moitas ideas para poder facer realidade este proxecto e para que a xente se divirta. Moitas grazas pola vosa atención e polo voso tempo. Un saúdo.

O Sr. Alcalde di: Unha pregunta solo: pásanse moitos nervios, cando se fala así? Non. Sen problema, non?

Alumno: Si, moitos.

Alumno: Trémenme as pernas!

O Sr. Alcalde di: Bueno, pero ata os 18, como vos dixo antes Xulio, ata os 18 ides mellorando e curtíndovos para despois... que vosoutros sexades dentro de x anos parte desta Corporación. Que vosoutros sodes o futuro. Bueno, Noel?

O Sr. López López di: Non, falta o IES.

O Sr. Alcalde di: Ah, falta o IES? Ah, falan os dous.

O alumno 7 di: Bo día, somos os nenos e nenas de Ondiñas na Vila, grupo de representantes do Consello Local da Infancia e da Adolescencia de Cedeira, de 1º da ESO formamos parte: Martina, Claudia, Lúa e Antón, de 2º da ESO: Xavier, Loi, Julia, Aria e Catuxa e de 3º da ESO: Andrea, Pelayo, Elisa e Xavi. Hoxe estamos aquí porque queremos explicar a nosa proposta, que é a seguinte.

O alumno 8 di: Bo día, eu son Xavi e vou a explicar a seguinte proposta: queremos facer un mural en colaboración con Luis Dávila no que se represente a explotación infantil, o obxectivo é concienciar e facer á xente recapacitar desde un punto de vista humorístico ao estilo cómic. Ocorrúsenos esta idea xa que hai paredes lisas que decorar na Vila, e decidimos que fose sobre a explotación infantil porque aínda que parece que non hai casos deste tipo, actualmente non é así. A elección de Luis Dávila non foi ao azar, atraeunos a mensaxe contundente disfrazada de ironía que manexa e por iso o escollemos para a seguinte proposta.

O alumno 9 di: Pensamos que esta proposta trae importantes beneficios á vila de Cedeira entre outros: permítenos cubrir e decorar unha parede que estaba mais fea e darlle visibilidade, ao mesmo tempo, enviamos unha mensaxe sobre os dereitos da infancia e da adolescencia, e en contra da explotación infantil. Sirve para que as persoas recapaciten e tamén concienciar de que moitas cousas que usamos diariamente son feitas por nenos e nenas que viven en situación de explotación. Permítenos tamén recalcar o afortunados que somos e protexer o problema para que a xente sexa mais consciente.

O alumno 10 di: Por todo o mencionado anteriormente, pedímoslle ao Concello de Cedeira que acepte a nosa proposta e nos proporcione o apoio necesario. Grazas pola súa atención e que teñan un bo día.

O Sr. Alcalde di: Vou comentar unha cousa que está dicindo o novo Secretario: que para ser o seu primeiro Pleno, tervos aquí presentes que para el esta sendo algo especial. Así que... en Cedeira temos algo especial, non? E que hai futuro. Bueno, Noel.

O Sr. López López di: Nada, un pouco recalcar as palabras que dixen antes. O CLIA ten un peso especial no Concello porque bueno, naceu co compromiso que ten a Corporación coa infancia e a adolescencia, non? Escoitar a súa voz, ter en conta a voz nas decisións que afectan á vida do municipio é clave. Este consello non é solo consultivo, porque como podedes comprobar as vosas propostas chegan a Pleno, e é unha ferramenta que nos permite coñecer de primeira man como vedes a Vila dende os vossos ollos,



porque moitas veces as novas xeracións quedan, bueno, aí apartadas, olvidadas e, claramente, sodes clave no futuro da nosa Vila. Ao longo deste curso, bueno, xurdiron varias ideas e, ao final, chegaron estas dúas ao Pleno, que estamos encantados de levar a cabo. O mural xa se iniciará o martes á noite, xa está aquí Luis Dávila, entón a semana que ven xa temos o mural feito. E a maiores, a xornada de multideporte que plantexades, pois veunos un pouco ao pelo, porque é unha idea directamente saída da Concellería de Deportes e foi como un apoio máis a esa proposta. Os futbolíns xa están aquí, así que hai futbolíns, a petanca xa está todo preparado para que teñades a petanca, e despois a maiores de todos os deportes que dixéchedes van a estar presentes os deportes que temos na nosa Vila que non son poucos. Así que bueno, ese día, xa sairá publicado, ese 20 de xuño A Revolta converterase nun gran campo de xogos e de deportes, non?

Quero recoñecer de novo o voso traballo, porque non é pouco, sei que hai discrepancias hai... bueno, moito traballo detrás que ao final hai que chegar a consensos, pero que todo este traballo demostra que a infancia e a adolescencia non só sodes o futuro da nosa Vila, senón que sodes parte do presente e aquí hoxe veuse, que como di Pablo e Nedal, veuse que é un presente moi potente. Así que noraboa e moitas grazas.

O Sr. Cribeiro García di: Nada, nós reiteramos e dámosvos as grazas pola vosa participación nestes Orzamentos participativos, xa vedes que parte das peticións que fixéchedes están resoltas. Nerviosos, todos nos puxemos nerviosos as primeiras veces cando falamos, pero eu detecto, e os que estades na parte de atrás non o vedes porque algunha das persoas que estaban falando dirixían a súa mirada á parte de que aquí, e os da parte de atrás non o víades, pero eu xa detectei que algún xa ten aplomo e é capaz de ler e parar, e mirar para o público, e iso é moi válido na comunicación social, na comunicación política, e na comunicación familiar, o mirar directamente á cara das persoas e non ler solo un texto. Reitero as nosas grazas en nome de toda a Corporación pola vosa participación nestes Orzamentos.

O Sr. Alcalde di: Bueno, eu non vou a dicir o que dixeran antes, porque senón ídesme tachar de pesado, pero súmome ás palabras tanto de Noel como de Xulio, vale? Creo que é o pensamento que tivemos todos aquí e, sobre todo, quédome co que dicía Noel e co que dicía Nedal, non? Cedeira ten presente e Cedeira ten un futuro fantástico. Así que de verdade, moitísimas grazas a todos por vir e a todas.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

O Sr. Alcalde despide ao alumnado do CEIP Nicolás del Río e do IES Punta Candieira que abandona o salón de Plenos (receso de 2 minutos).

4. MOCIÓN CONXUNTA DO BNG E DO PSdeG-PSOE PARA O RECOÑECIMENTO A DIONISIA “NISA” LÓPEZ AMADO

Polo Secretario dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 1 de xuño de 2026, que di:

“Vista a Moción presentada polas portavoces dos grupos municipais do PsdeG-PSOE e do BNG, en data 21.05.2026, que di:

“MOCIÓN CONXUNTA DO BNG E DO PSdeG-PSOE PARA O RECOÑECIMENTO A DIONISIA “NISA” LÓPEZ AMADO

Dona **Carmela Prieto Cal**, portavoz do **PSdeG-PSOE**, e Dona **María Xosé Pernas Díaz**, portavoz do **BNG** no Concello de Cedeira, presentan para o seu debate e, se procede, aprobación, a seguinte moción:



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai persoas que nacen nun lugar e hai persoas que pertencen para sempre á alma dese lugar. **Dionisia “Nisa” López Amado** pertence xa á memoria fonda de **Cedeira**, á memoria das mulleres valentes que souberon transformar a dor en dignidade e a inxustiza nunha loita incansable pola humanidade.

Nisa naceu en **Cedeira en 1928** e medrou nunha vila marcada pola dureza da guerra, pola pobreza e pola represión franquista. A súa infancia quedou atravesada polo medo, polos silencios impostos e pola violencia que ocupou mesmo os espazos da inocencia. A praia da súa vila, lugar de xogos e liberdade, converteuse nun **campo de concentración**. Varios membros da súa familia sufriron represalias e foron fusilados.

Mais daquela realidade terrible tamén naceu a conciencia humana que a acompañaría toda a vida. A pequena Nisa, guiada pola súa avoa, pasaba pan agochado baixo a alambrada aos presos do campo. Sen sabelo, xa estaba aprendendo a defender **a dignidade humana fronte á barbarie**.

Como tantas galegas da súa xeración, marchou á **Arxentina** coa maleta chea de morriña, valentía e esperanza. Traballou como costureira, sacou adiante a súa familia e reconstruíu a súa vida lonxe da terra que nunca deixou de amar. Galiza vivía nela: na lingua, nos recordos, na música, nas festas da colectividade emigrante e no compromiso permanente coa súa cultura e co seu pobo.

Mais a historia volvería golpeala coa máis cruel das dores.

En maio de **1976**, a ditadura militar arxentina secuestrou ao seu fillo, **Antonio Adolfo Díaz López**, e á súa nora, **Stella Maris Riganti**. Nunca volveron aparecer. Desde aquel día, Nisa xa non foi só unha nai rota pola ausencia: converteuse nun **símbolo universal da memoria, da dignidade e da loita polos dereitos humanos**.

Lonxe de renderse, ergueuse.

Ergueuse polo seu fillo. Ergueuse pola súa nora. Ergueuse polas milleiros de persoas desaparecidas. Ergueuse pola verdade e pola xustiza.

Nisa foi cofundadora das **Nais da Praza de Maio**, movemento histórico que conmocionou o mundo coa forza silenciosa dun grupo de nais que decidiron enfrontarse á ditadura armadas unicamente cun pano branco e co amor inmenso polos seus fillos e fillas desaparecidas.

Aquelas mulleres convertéronse nun dos maiores símbolos internacionais da defensa dos dereitos humanos. E entre elas estaba unha muller de Cedeira. Unha emigrante galega. Unha costureira. Unha nai atravesada pola dor. **Unha muller humilde e inmensamente valente que decidiu non calar nunca máis.**

Durante décadas percorreu prisións, hospitais, cuarteis e institucións buscando respostas. Loitou sen descanso pola memoria, pola verdade e pola xustiza, mais nunca permitiu que o odio ocupase o lugar da humanidade. **Esa foi unha das súas maiores leccións.**

A dimensión da súa figura foi recoñecida dentro e fóra de Galiza. O seu compromiso cos dereitos humanos recibiu o apoio e o recoñecemento de entidades internacionais como Amnistía Internacional. Na súa vila de adopción, Tigre, onde foi profundamente querida e admirada, inaugurouse un fogar social



para a infancia co seu nome, perpetuando así o legado dunha muller que fixo da protección das persoas máis vulnerables un xeito de vida.

Tamén Galiza comezou a devolverlle parte do agarimo e da memoria que merece. Os concellos de Moaña e Cangas renderon homenaxe á súa figura, recoñecendo nela un exemplo extraordinario de dignidade, resistencia e compromiso ético.

Por iso resulta difícil comprender que a súa propia vila natal aínda non lle concedese un recoñecemento institucional á altura da súa dimensión humana e histórica.

Cedeira ten hoxe unha oportunidade única: reparar esa débeda coa memoria.

Nomear a **Dionisia “Nisa” López Amado Filla Predilecta de Cedeira**, aínda que sexa a título póstumo, sería moito máis ca unha homenaxe simbólica. Sería un acto de **xustiza histórica, dignidade democrática e orgullo colectivo**. Sería recoñecer oficialmente que desta vila saíu unha das grandes defensoras dos dereitos humanos do século XX.

Así mesmo, dedicar unha praza co seu nome permitiría incorporar para sempre a súa presenza á vida diaria de Cedeira. Que as futuras xeracións poidan preguntar quen foi Nisa. Que alguén lles conte que naquela praza se honra a memoria dunha muller que levou o nome da súa vila polo mundo convertido en símbolo de humanidade, valentía e compromiso coa verdade.

Porque hai persoas que transcenden a súa propia vida. Hai persoas que representan o mellor dun pobo e hai nomes que non poden quedar nunca no esquecemento.

Dionisia “Nisa” López Amado merece ocupar para sempre un lugar de honra no corazón e na memoria colectiva de Cedeira.

Por todo o anterior, o grupo de goberno **PSdeG-PSOE-BNG** somete ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

- 1. Conceder a Dona Dionisia “Nisa” López Amado o título de Filla Predilecta de Cedeira, a título póstumo.**
- 2. Adicar ao seu nome a praza situada fronte ao Concello, no Pazo de Moscoso.”**

A Comisión, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ditaminar a devandita proposta favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Alcalde di: Pásolle a palabra á Concelleira de Cultura, Diana.

A Sra. Cendán Rodríguez di: Bueno, pouco máis hai que engadir, pero bueno... Gustaríanos que nos quedásemos cunha idea moi sinxela que é que moias veces buscamos referentes pois moi lonxe, en persoas famosas que vemos nas redes, na televisión, ou nos libros, e está ben, non hai nada que reprochar, pero ás veces si que esquecemos que os grandes exemplos tamén están moi preto de nós, nas nosas rúas, nas nosas familias e nos nosos pobos. Dionisia é un deses exemplos, unha veciña de Cedeira que nos ensina que unha persoa normal pode facer cousas extraordinarias cando defende aquilo que considera xusto. Por iso é tan importante coñecer a súa historia e a doutras persoas da nosa Vila porque para atopar referentes non sempre hai que mirar cara a fóra, ás veces, abonda con mirar ao noso arredor. Que a memoria de Dionisia nos axude a valorar o pasado, a comprender o presente, e a construír un futuro mellor. Nada máis. Grazas.



O Sr. Alcalde di: Moitisiimas grazas. Xulio? Bueno, eu comparto o posicionamento neste caso da moción e defensa que fai dela, polo Grupo de goberno, Diana.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

5. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 274/2026 DE DATA 05.05.2026 DE SOLICITUDE INCLUSIÓN NO POS+ADIC 2 2026

Polo Secretario dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 1 de xuño de 2026, que di:

“Vista a Resolución de Alcaldía núm. 274/2026, de data 05.05.2026, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: SOLICITUDE INCLUSION NO POS+ADIC 2 2026

Con data de abril de 2026 recibíuse do Servizo de Xestión de Plans da Excma. Deputación Provincial unha circular sobre a elaboración do POS+ADIC 2/2026 PARA INCREMENTOS FINANCIERAMENTE SOSTIBLES DO PLAN COMPLEMENTARIO, e corresponde ao Concello de Cedeira a cantidade de 539.586,80 €.

Por isto, **RESOLVO:**

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 2/2026” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, confirmando a aplicación da achega provincial asignada para o financiamento dos investimentos financeiramente sostibles que xa tiña incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2026, tal e como se indica a continuación:

Investimentos financeiramente sostibles xa incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2026	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
INSTALACIÓN DA NOVA FONTE DA MARIETA	43.148,13	0,00		0,00	43.148,13
AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO EN GUILLADE – SAN ROMÁN	73.322,60	0,00		0,00	73.322,60
AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO EN VERIÑO DE ABAIXO – RÉGOA	53.878,93	0,00		0,00	53.878,93
AMPLIACIÓN E REFORMA DO PARQUE INFANTIL DO FLOREAL	77.920,06	0,00		0,00	77.920,06
MELLORA E CONSERVACIÓN DA REDE VIARIA MUNICIPAL EN SANTALLAMAR, CORDOBELAS, MAGOIRA E OS CANDALES	87.937,81	0,00		0,00	87.937,81



MELLORA DE ACCESOS E CORRECCIÓN DE DEFICIENCIAS EN GRUPO ESCOLAR DE SAA	137.955,48	0,00		0,00	137.955,48
	474.163,01	0,00		0,00	474.163,01

Achega provincial asignada ao concello no POS+ Adicional 2/2026	539.586,80
Achega provincial aplicada na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2026	474.163,01
Achega provincial pendente para a 2ª fase do POS+ Adicional 2/2026	65.423,79

2.- Declarar que o concello ten crédito ou, de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos incluídos no POS+ Adicional 2/2026, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.

3.- Ratificar o presente Decreto polo Pleno da corporación na vindeira sesión que realice.”

A Comisión, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda emitir ditame favorable e propoñer ao Pleno a ratificación da Resolución de Alcaldía núm. 274/2026, de data 05.05.2026.”

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Alcalde di: Sabedes que esta achega provincial ven feita, digamos, polos remanentes de Tesourería que ten a Deputación, destes proxectos xa se aprobaron digamos, cando foi o POS, foron no complementario, pero claro, non ían dotados de crédito. Con esta cantidade, con esta aportación da Deputación de 539.586,80 o que facemos é darlle xa crédito a todos estes proxectos que xa no seu momento foron informados tanto por Secretaría, Intervención e máis o Técnico municipal e xa foron pedidas aquelas autorizacións sectoriais. Estamos agora, o que ten que facer a Deputación é probarnos que podamos licitar cada un destes proxectos que serán licitados dende aquí a final de ano. Nada máis.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: RATIFICAR a Resolución de Alcaldía núm. 274/2026, de data 05.05.2026

6. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA ADOPTADAS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por RD 2568/1986, a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas desde a realización da última sesión plenaria con carácter ordinario, aos efectos de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Nº Decreto	Asunto
00176/2026	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000038645 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00177/2026	MULTA COERCITIVA POR INCUMPRIMENTO DE ORDE DE EXECUCIÓN (DEBER DE CONSERVACIÓN)
00178/2026	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA (ALIMENTAICON E HIXIENE) EXPTE TEDEC 2026/S009/000013
00179/2026	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA GASTOS RELACIONADOS COA VIVENDA (MENSUALIDADES DE ALUGUER) E GASTOS SANITARIOS NON CUBERTOS POLOS SISTEMAS PUBLICOS (GAFAS) EXPTE TEDEC 2026/S009/000011
00180/2026	ACORDO DE NON DIVIDIR EN LOTES O INVESTIMENTO DENOMINADO AMPLIACIÓN E



	REFORMA DA PISCINA MUNICIPAL DE CEDEIRA
00181/2026	NÓMINA MARZO 2026
00182/2026	SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE DE TRANSFERENCIA FINALISTA PARA O COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL PARA O ANO 2026 PROCEDEMENTO BS623A
00183/2026	DECRETO APROBACIÓN GASTO RELACIÓN FACTURAS F/2026/13 (TAXAS)
00184/2026	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2026/12
00185/2026	ARQUIVO DO EXPEDIENTE ORDE DE EXECUCIÓN (2025/I004/0000057) - MALEZA EN PARCELA
00186/2026	LEVANTAMENTO NOTA DE REPARO E PAGO HORAS EXTRAORDINARAS AS TRABALLADORAS DO SAF DONA MARÍA DOLORES TABOADA GOMEZ E DONA JOSEFA PIÑÓN PRIETO, CORRESPONDENTES A TRABALLOS REALIZADOS EN 2024.
00187/2026	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA (ALIMENTACION) EXPTE TEDEC 2026/S009000014
00188/2026	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA (ALIMENTACION E HIXIENE) EXPTE TEDEC 2026/S009/000012
00189/2026	NOMEAMENTO DE BENIGNO PÉREZ GARCÍA COMO TESOUREIRO ACCIDENTAL DENTE O 6 AO 30 DE ABRIL DE 2026
00190/2026	REINTEGRO IMPORTE NON XUSTIFICADO DA SUBVENCIÓN TR351F-2021-38-1
00191/2026	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2026/14 (GAS NATURAL)
00192/2026	SOLICITUDE DE AXUDA FINANCIADA AO ABEIRO DAS AXUDAS DA CONSELLERIA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES PARA A ELABORACIÓN E IMPLANTACIÓN DE PLANS DE PROTECCIÓN CIVIL PARA O RIESCO DE INCENDIOS FORESTAIS DE ÁMBITO MUNICIPAL PARA O ANO 2026-PR460E
00193/2026	ORDE DE EXECUCIÓN (EXP.2025/I004/000069) - MALEZA EN PARCELA
00194/2026	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE DIRECION DE OBRA E COORD. S.S. DA OBRA DE PAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS 192 E OUTROS 10
00195/2026	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000038727 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00196/2026	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE E MOBILIDADE REDUCIDA EXPTE TEDEC 2026/V006/000005
00197/2026	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE E MOBILIDADE REDUCIDA EXPTE TEDEC 2026/V006/000004
00198/2026	SOLICITUDE DE RENOVACION / EXPEDICION DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE E MOBILIDADE REDUCIDA EXPTE TEDEC 2026/V006/000003
00199/2026	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE E MOBILIDADE REDUCIDA
00200/2026	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE E MOBILIDADE REDUCIDA EXPTE TEDEC 2026/V006/000006
00201/2026	PAGO COTA ANUAL 2026 ANTIGA CAMARA AGRARIA LOCAL
00202/2026	ASISTENCIAS MEMBROS CORPORACIÓN MUNICIPAL DE MARZO DE 2026
00203/2026	ORDE DE EXECUCIÓN (EXP.2025/I004/000070) - MALEZA EN PARCELA
00204/2026	PRÓRROGA DA VIXENCIA DA BOLSA DE TRABALLO PARA CONTRATACIÓN LABORAIS TEMPORAIS OU NOMEAMENTOS INTERINOS COMO AUXILIAR ADMINISTRATIVO
00205/2026	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000038792 RESOLUCIÓN SANCIONADORA RESOLUCIÓN SANCIONADORA
00206/2026	ORDE DE EXECUCIÓN (EXP.2025/I004/000071) - MALEZA EN PARCELA
00207/2026	APROBACIÓN PAGO DA CONSIGNACIÓN XUDICIAL (FRANQUICIA) DA SENTENCIA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO 36/2024 AO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚM. 1 DE FERROL.
00208/2026	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA (ALIMETACION E HIXIENE) EXPTE TEDEC 2026/S009/000015



00209/2026	PERSOAMENTO E SOLICITUDE Á EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA QUE A SÚA ASESORÍA XURÍDICA SE FAGA CARGO DA DEFENSA XUDICIAL NO PROCEDEMENTO ABREVIADO 79/2026 (EXPTE 2026/P002/000005)
00210/2026	MODELOS AEAT 111 E 303 DO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2026
00211/2026	RENUNCIA Á LICENZA DE EDIFICACION 2015/U022/000001
00212/2026	RENUNCIA Á LICENZA DE EDIFICACION 2020/U022/000017 E ANULACIÓN LIQUIDACIÓN EN VÍA DE APREMIO DO IC
00213/2026	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2026/15
00214/2026	DESIGNACIÓN DE AVOGADO NO P.A. PROCEDEMENTO ABREVIADO 69/2026 E NO PSS PEZA SEPARADA DE MEDIDAS CAUTELARES 69/2026 0001, DO TRIBUNAL DE INSTANCIA DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, PRAZA Nº 1 DE FERROL, DE MARÍA DEL CARMEN GARCIA ARRIBÍ CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA (EXPTE 2026/P002/000006)
00215/2026	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE DIRECION DE OBRA E COORD. SEG. E SAUDE DA AMPLIACIÓN E MELLORA DO PARQUE INFANTIL DA MAGDALENA
00216/2026	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE DIRECION DE OBRA E COORD. SEG. E SAUDE DA MELLORA DO PARQUE INFANTIL DA PRAZA DA CONSTITUCION
00217/2026	PRÓRROGA DA VIXENCIA DA BOLSA DE TRABALLO PARA REALIZAR NOMEAMENTOS INTERINOS OU CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS COMO AEDL SEGUNDO AS BASES PUBLICADAS NO BOP NÚMERO 53 DE 22 DE MARZO DE 2021
00218/2026	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000038840 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00219/2026	LEVANTAMENTO DE REPARO DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2026/16
00220/2026	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2026/17 (GAS NATURAL)
00221/2026	APROBACIÓN GASTO RELACIÓN FACTURAS F/2026/18 (TAXA E SANCIÓN VERTIDO)
00222/2026	APROBACIÓN DAS BASES XERAIS E ESPECÍFICAS REGULADORAS DOS PROCESOS SELECTIVOS PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DAS PRAZAS DE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA E LABORAL INCLUÍDAS NAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO DOS ANOS 2023 E 2025. (DECRETO ANULADO MEDIANTE A RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 225/2026 DE DATA 15.04.2026)
00223/2026	DEVOLUCIÓN DO IMPORTE NON XUSTIFICADO DA SUBVENCIÓN RISGA 2022 TR351F-2022-34-1
00224/2026	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA (ALIMENTACION) EXPTE TEDEC 2026/S009/000016
00225/2026	ANULACIÓN DA RESOLUCIÓN DE ALCALDIA Nº 222/2026 DE DATA 15.04.2026
00226/2026	SOLICITUDE DE EXPEDICIÓN DE PLACA DE VADO RELATIVA A EXPTE. 2024/V008/00010 NILO DÍAZ LOUREIRO
00227/2026	ACCESO AO ARQUIVO MUNICIPAL (EXPEDIENTE 2025/X005/000004)
00228/2026	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL
00229/2026	DECRETO APROBACIÓN GASTO PREMIOS ENTROIDO 2026
00230/2026	PRÓRROGA DO NOMEAMENTO DE DONA SILVIA FREIRE RICO COMO FUNCIONARIA ADMINISTRATIVA INTERINA POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS ATA O 17 DE DECEMBRO DE 2026.
00231/2026	CONTRATACIÓN DE DONA MARIA DA C. AZEVEDO DA SILVA JAQUES COMO AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR PARA SUBSTITUIR A TRABALLADORA POR BAIXA MEDICA DONA LAURA GÓMEZ NOVO, MEDIANTE CONTRATO DE SUBSTITUCIÓN SEGUNDO O ESTABLECIDO NO ARTIGO 15 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 2/2015, DO 23 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO DOS TRABALLADORES.
00232/2026	ACOMETIDA DE AUGA E SANEAMENTO (EXPEDIENTE 2026/U010/000003)
00233/2026	ACOMETIDA DE AUGA E SANEAMENTO (EXPEDIENTE 2026/U010/000002)
00234/2026	LICENZA Nº LPP/26/0006 PARA A TENENCIA DE ANIMAL POTENCIALMENTE PERIGOSO (EXPTE 2026/X003/000006)
00235/2026	RENUNCIA Á LICENZA DE EDIFICACION 2022/U022/000027 E ANULACIÓN LIQUIDACIÓN EN VÍA DE APREMIO DO ICI



00236/2026	ORDE DE EXECUCIÓN (EXP.2025/I004/000051) - MALEZA EN PARCELA
00237/2026	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 1846/2026 RESOLUCIÓN DE PRIMERAS ALEGACIONES ORDINARIO
00238/2026	ALTA DA ASOCIACIÓN VILA DO DEPORTE NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓN VECIÑAIS. (EXPTE 2026/R004/000002)
00239/2026	RENDICIÓN CONTA XUSTIFICATIVA 1 2026 J/2026/1
00240/2026	ORDE DE EXECUCIÓN (EXP.2025/I004/000073) (MALEZA EN PARCELA/ INVASIÓN ESPAZO CONDUTORES ELECTRICOS)
00241/2026	SOLICITUDE DE INCLUSIÓN DA PRAZA DE SECRETARÍA NO CONCURSO UNITARIO 2026 (EXPTE 2026/X999/000153)
00242/2026	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2026/19
00243/2026	ORDE DE EXECUCIÓN (EXP.2025/I004/000072) (MALEZA EN PARCELA/INVASION ESPAZO CONDUTORES ELECTRICOS)
00244/2026	ORDE DE EXECUCIÓN (EXP.2025/I004/000077) (MALEZA EN PARCELA)
00245/2026	ORDE DE EXECUCIÓN (EXP.2025/I004/000075) (MALEZA EN PARCELA/ INVASION ESPAZO AEREO CONDUTORES ELECTRICOS)
00246/2026	ORDE DE EXECUCIÓN (EXP.2025/I004/000074)) (MALEZA EN PARCELA/ INVASION ESPAZO AEREO CONDUTORES ELECTRICOS)
00247/2026	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000038923 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00248/2026	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL
00249/2026	SOLICITUDE DE ACOLLERSE AO INCREMENTO DA ACHEGA AUTONOMICA AO FINANCIAMENTO DO CUSTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR SEGUNDO O ESTABLECIDO NA ORDE DO 26 DE MARZO DE 2026 POLA QUE SE ACTUALIZA O MODULO DE FINANCIAMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR A PERSOAS EN SITUACION DE DEPENDENCIA PUBLICADA NO DOG NÚM. 58 DO 27 DE MARZO DE 2026
00250/2026	REMISION DA OFERTA AO SERVICIO PUBLICO DE EMPREGO PARA A CONTRATACION LABORAL TEMPORAL DE DOUS PEÓNS FORESTAIS E DE CAZA 2026
00251/2026	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL
00252/2026	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA GASTOS RELACIONADOS COA VIVENDA (ALUGUER) E PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA (ALIMENTACION E GASTOS SANITARIOS OU FARMACEUTICOS) EXPTE TEDEC 2026/S009/000018
00253/2026	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA E GASTOS RELACIONADOS COA VIVENDA EXPTE TEDEC 2026/S009/000019
00254/2026	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 314/2026 RESOLUCIÓN DE PRIMERAS ALEGACIONES ORDINARIO
00255/2026	CONCESION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA GASTOS RELACIONADOS COA VIVENDA (ALUGUER) EXPTE TEDEC 2026/S009000017
00256/2026	PROXECTO DE ESCAVACIÓN, LIMPEZA E CONSOLIDACIÓN DUNHA FÁBRICA DE SALGADURA NA PRAIA DA MAGDALENA EN CEDEIRA
00257/2026	LIQUIDACIÓN E COTIZACIÓN DOS DIAS DE VACACIÓNS NON DESFRUTADAS POR DONA SUSANA CEBREIRO PAZ.
00258/2026	CONTRATO MENOR DE SERVICIOS DE ELABORACIÓN DO SEGUNDO INFORME DE SEGUIMIENTO DO PACES
00259/2026	DESIGNACIÓN E ASIGNACIÓN DE PRODUTIVIDADE MENSUAL A DONA KAREN PÉREZ PITA COMO POLICÍA LOCAL
00260/2026	ARQUIVO DO EXPEDIENTE ORDE DE EXECUCIÓN (2025/I004/0000030)
00261/2026	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000039004 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00262/2026	NÓMINA ABRIL 2026
00263/2026	SOLICITUDE DE SUBVENCION PARA EQUIPAMENTO E MELLORA DAS INSTALACIÓNS UTILIZADAS PARA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS AÑO 2026-CT211B
00264/2026	NOMEAMENTO DE BENIGNO PÉREZ GARCÍA COMO TESOUREIRO ACCIDENTAL DENDE O 6 AO



	29 DE MAIO DE 2026
00265/2026	ARQUIVO EXPEDIENTE ORDE DE EXECUCIÓN (2025/1004/000078) - (MALEZA EN PARCELA)
00266/2026	ARQUIVO EXPEDIENTE ORDE DE EXECUCIÓN (2025/1004/000075) (MALEZA EN PARCELA/ INVASION ESPAZO AEREO CONDUTORES ELECTRICOS)
00267/2026	ARQUIVO EXPEDIENTE ORDE DE EXECUCIÓN (2025/1004/000074) (MALEZA EN PARCELA/ INVASION ESPAZO AEREO CONDUTORES ELECTRICOS)
00268/2026	ARQUIVO EXPEDIENTE ORDE DE EXECUCIÓN (2025/1004/000073) (MALEZA EN PARCELA/ INVASIÓN ESPAZO CONDUTORES ELECTRICOS)
00269/2026	ARQUIVO ORDE DE EXECUCIÓN (EXP.2025/1004/000072) (MALEZA EN PARCELA/INVASION ESPAZO CONDUTORES ELECTRICOS)
00270/2026	OVP FESTAS SAN ISIDRO 2026 OBSERVACIÓN: PROCEDEMENTO V011 AUTORIZACIÓN OCUPACIÓN VÍA PÚBLICA EMPRÉGASE O PROCEDEMENTO POR TRATARSE DUNHA OCUPACIÓN TEMPORAL DO DOMINIO PÚBLICO NON VINCULADA A OBRA.
00271/2026	SOLICITUDE PARA A “MELLORA DO FIRME EN RÚA CAMIÑO DO BECO-CONCELLO DE CEDEIRA” AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCION PARA A CREACIÓN E/OU MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS, DOTACIÓNS, INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS VINCULADOS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS, DESTINADOS A CONCELLOS DE GALICIA PARA O AÑO 2026- PR486A
00272/2026	INSCRICIÓN ANIMAL POTENCIALMENTE PERIGOSO NO REXISTRO MUNICIPAL (EXPTE 2026/R002/000002)
00273/2026	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000039069 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00274/2026	SOLICITUDE INCLUSION NO POS+ADIC 2 2026
00275/2026	PRÓRROGA DE LICENCIA DE OBRAS PARA VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA SÓTANO, BAJA Y BAJO CUBIERTA EN LG. CAMPO DA CRUZ A NOME DE ANGEL WILFREDO PITA SIXTO LICENZA 101/06 DESISTIDA
00276/2026	LICENZA Nº LPP/26/0005 PARA A TENENCIA DE ANIMAL POTENCIALMENTE PERIGOSO (EXPTE 2026/X003/000004)
00277/2026	EXPEDIENTES PARA BAIXA DE OFICIO NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES.
00278/2026	DESIGNACIÓN DE AVOGADO NO PROCEDEMENTO ORDINARIO 85/2026 DE TORRE NORTE GESTIÓN Y SERVICIOS S.L. CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA (EXPEDIENTE 2026/P002/000007)
00279/2026	APROBACIÓN DAS BASES DE SELECCIÓN DOS PARTICIPANTES NO CAMPAMENTO DE VERÁN 2026
00280/2026	DESIGNACIÓN DE AVOGADO NO EJD EXECUCIÓN DEFINITIVA 14/2026 (P.O. 409/2008) DE TORRE NORTE GESTIÓN Y SERVICIOS S.L. CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA (EXPEDIENTE 2026/P002/000008)
00281/2026	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2026/20
00282/2026	INADMISIÓN DA SOLICITUDE DE ACCESO A INFORMACIÓN (EXPTE 2026/X005/000002)
00283/2026	DESIGNACIÓN MEMBROS COMITÉ EXPERTOS PARA O EXPEDIENTE DE AMPLIACIÓN E REFORMA DA PISCINA MUNICIPAL
00284/2026	ASISTENCIAS MEMBROS CORPORACIÓN MUNICIPAL DE ABRIL DE 2026
00285/2026	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 35972/2025 RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN NO IDENTIFICAR AL CONDUCTOR
00286/2026	APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL A TEMPO COMPLETO, A CONTRATAR AO ABEIRO DO PLAN DE EMPREGO LOCAL MEDIANTE A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA PEL CONCELLOS 2026
00287/2026	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DOUS AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL PARA 2026 POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN DURANTE SEIS MESES.
00288/2026	XUSTIFICACION DA AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL CONCEDIDA NO DECRETO 75/2026 DO 03.02.2026
00289/2026	LEVANTAMENTO DE REPARO DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2026/21
00290/2026	CONVOCATORIA DA COMISIÓN SELECCIONADORA, NOMEAMENTO DE COMISIÓN



	SELECCIONADORA E DATA DO PROCESO SELECTIVO DE DOUS/DÚAS PEÓNS/PEOAS FORESTAIS E DE CAZA- PROGRAMA GALICIA SUMA TALENTO- RURAL ACTIVO 2026
00291/2026	CONTRATO MENOR DE SERVIZO DE COORDINACION DE SEGURIDADE E SAUDE DA OBRA DE CONSTRUCCION DO CENTRO DE ADESTRAMIENTO DEPORTIVO ESPECIALIZADO DE CEDEIRA
00292/2026	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2026/22 (GAS NATURAL)
00293/2026	XUSTIFICACION DA AES CONCEDIDA NO DECRETO 156/2026 DO 13/03/2026 EXPTE TEDEC 2026/S009/000007
00294/2026	XUSTIFICACION DA AES CONCEDIDA NO DECRETO 162/2026 DO 116/03/2026 EXPTE TEDEC 2026/S009/000010
00295/2026	XUSTIFICACION DA AES CONCEDIDA NO DECRETO 644/2025 DO 19/11/2025 EXPTE TEDEC 2025/S009/000046
00296/2026	DEVOLUCIÓN DE TAXA DE CERTIFICACION URBANISTICA NO EXPTE. 2026/U001/000017 DE CARMEN CAL FERNANDEZ
00297/2026	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000039217 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00298/2026	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2026/23
00299/2026	APROBACIÓN FACTURA HALLKUSS 17 A 31 DE MARZO DE 2026 (AVOCACIÓN COMPETENCIA XGL)
00300/2026	APROBACIÓN DAS BASES XERAIS E ESPECÍFICAS REGULADORAS DOS PROCESOS SELECTIVOS PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DAS PRAZAS DE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA E LABORAL INCLUÍDAS NAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO DOS ANOS 2023 E 2025
00301/2026	CONTRATO MENOR DE OBRAS DE CONSTRUCCIÓN E COLOCACIÓN DE PORCHE NO CAMPO DE FÚTBOL CARMEN MASEDA
00302/2026	REMISIÓN DE EXPEDIENTE AO XULGADO E EMPRAZAMENTO NO P.A. 69/2026 DE MARÍA DEL CARMEN GARCÍA ARRIBÍ CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA (EXPTE 2026/P002/000006)
00303/2026	DELEGACIÓN DE FUNCÍONS DE ALCALDÍA NA PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE
00304/2026	REMISIÓN DE EXPEDIENTE AO XULGADO NO P.O. 85/2026 DE TORRE NORTE GESTIÓN Y SERVICIOS SL CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA (EXPTE 2026/P002/000007)
00305/2026	CONTRATACIÓN DE DONA LIDIA GALDO DÍAZ COMO AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR PARA SUBSTITUIR A TRABALLADORA POR BAIXA MEDICA DONA MARÍA CARMEN PÉREZ PRIETO, MEDIANTE CONTRATO DE SUBSTITUCIÓN SEGUNDO O ESTABLECIDO NO ARTIGO 15 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 2/2015, DO 23 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO DOS TRABALLADORES.
00306/2026	DEVOLUCIÓN DE INGRESOS INDEBIDOS POR CURSO DE TAPICES. EXPTE 2026/T001/000004 DE MIGUEL BLANCO LÓPEZ
00307/2026	SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DE AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA TITULARES DE BIBLIOTECAS, INTEGRADAS NA REDE DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA PARA ADQUISICIÓN DE NOVIDADES EDITORIAIS EN GALEGO E MELLORA DAS COLECCIÓN-CT235A
00308/2026	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000039303 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00309/2026	ACOMETIDA DE AUGA E SANEAMENTO (EXPEDIENTE 2026/U010/000008)
00310/2026	ACOMETIDA DE AUGA E SANEAMENTO (EXPEDIENTE 2026/U010/000006)
00311/2026	NÓMINA MAIO 2026
00312/2026	ACOMETIDA DE AUGA E SANEAMENTO (EXPEDIENTE 2026/U010/000004)
00313/2026	DEVOLUCIÓN DE INGRESOS INDEBIDOS CURSO TAPICES. EXPTE. 2026/T001/000005 DE CARMEN COBELO CHEDA
00314/2026	APROBACIÓN DA CERTIF NÚM. 3-ÚLTIMA DA OBRA DE EMLLORA DA CPA DE RODADURA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS. AGADER 2025-26 E AS CORRESPONDENTES FACTURAS
00315/2026	APROBACIÓN DA ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL DA XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA O DESENVOLVEMENTO DA REDE DE CONCELLOS CONTRA O ACOSO ESCOLAR (EXPTE 2026/A006/000005)



00316/2026	DEVOLUCIÓN DO IMPORTE DO CURSO DE TAPICES DE MARIA DEL CARMEN LORENZO NOVO
00317/2026	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE INTERVENCION ARQUEOLOXICA NA PRAIA DA MAGDALENA. SEGUNDA FASE DA ESCAVACION E LIMPEZA DE MUROS DUNHA FABRICA DE SALAZON
00318/2026	APROBACIÓN DA PROPOSTA DA COMISIÓN SELECCIONADORA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DOUS PEÓNS FORESTÁIS E DE CAZA AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL, PROGRAMA GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO 2026
00319/2026	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA FINAL CORRESPONDENTE Á SEGUNDA ANUALIDADE 2026 DA SUBVENCIÓN DO PLAN CAMIÑA RURAL PARA O PERIODO 2025-26, DA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
00320/2026	DENEGACION DA AXUDA SOLICITADA POR SUPERACION DE INGRESOS ESTABLECIDOS NA ORDENANZA, EXPTE TEDEC 2026/S009/000020
00321/2026	APROBACIÓN DO PSS, PLAN TRABAJO E XESTIÓN RESIDUOS DA OBRA DE MELLORA DE PAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS 192 E OUTROS 10
00322/2026	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA (ALIMENTACION) EXPTE TEDEC 2026/S009/000021
00323/2026	CONTRATO MENOR DE SERVIZO DE CONSERVACIÓN, MANTEMENTO E LIMPEZA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS CON MEDIOS MECÁNICOS
00324/2026	CONTRATACIÓN DE DUAS AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR MEDIANTE CONTRATOS DE DURACIÓN DETERMINADA SEGUNDO O ESTABLECIDO NO ARTIGO 15 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 2/2015, DO 23 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO DOS TRABALLADORES.
00325/2026	DECRETO APROBACIÓN TAXA DOGA PUBLICACIÓN ANUNCIO BASES PROCESOS SELECCIÓN.
00326/2026	CONTRATO MENOR DE OBRAS DE REPOSICION DA CUBERTA DO LOCAL SOCIAL MUNICIPAL DE SAN XULIAN DE MONTOTO
00327/2026	CONTRATO MENOR DE OBRAS DE DEMOLICION DE CUBERTA DO LOCAL SOCIAL MUNICIPAL DE SAN XULIAN DE MONTOTO
00328/2026	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA (ALIMENTAICON E HIXIENE) EXPTE TEDEC 2026/S009/000023
00329/2026	DEVOLUCIÓN DE INGRESOS INDEBIDOS CURSO DE TAPICES 2025/2026

O Pleno dáse por enterado.

7. MOCIÓNS DE URXENCIA

Pola Presidencia infórmase que o grupo de goberno municipal somete á consideración do Pleno, por razón de urxencia, unha moción.

O Sr. Alcalde di: Saíu unha moción conxunta, do BNG e do PSOE, que non foi a Comisión Informativa, creo que se vos mandou non, e todo iso, vale? Esta moción foi presentada en todos os concellos, nos concellos presentouna creo que solo o PSOE, non sei se en algún sitio o presentou conxuntamente con outro grupo, pero bueno, cremos que é algo importante e supoño que haberá que falar cos outros concellos xa que se aprobou conxuntamente con todos para facer unha reivindicacións, se aquí se aproba tamén por unanimidade, para solicitarlle ao SERGAS pois unha xuntanza dos concellos da comarca para que todos vaíamos unidos para conquistar algo que é unha necesidade moi importante para Cedeira.

Polo Sr. Presidente sométese a consideración do Pleno a urxencia do asunto, resultando APROBADA a urxencia por unanimidade dos membros presentes, e polo tanto, polo voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, incluíndose na orde do día.

Polo Secretario dáse lectura á moción de data 02.06.2026 (rex entrada nº 1802), que di:



**“MOCIÓN CONXUNTA DO BNG E DO PSdeG-PSOE PARA A SOLICITUDE DUNHA
AMBULANCIA MEDICALIZADA”**

Dona **Carmela Prieto Cal**, portavoz do **PSdeG-PSOE**, e Dona **María Xosé Pernas Díaz**, portavoz do **BNG** no Concello de Cedeira, presentan para o seu debate e, se procede, aprobación, a seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sanidade pública é un dos piares fundamentais do Estado do benestar e un dereito esencial que debe garantir igualdade, dignidade e acceso á atención sanitaria en condicións óptimas para toda a cidadanía, con independencia do seu lugar de residencia ou situación económica. Un sistema sanitario forte, ben planificado e dotado dos recursos necesarios é condición imprescindible para asegurar unha atención de calidade e para preservar a confianza da sociedade nos seus servizos públicos.

Porén, a realidade amosa que existen importantes desigualdades territoriais no acceso aos recursos sanitarios, especialmente no medio rural e en comarcas periféricas, onde a dispersión xeográfica e o envellecemento da poboación fan aínda máis necesario reforzar os dispositivos asistenciais e de emerxencias.

A comarca do Ortegal presenta unhas características demográficas e xeográficas que dificultan de maneira significativa o acceso rápido aos servizos sanitarios especializados do área sanitaria de Ferrolterra. A dispersión da poboación e as limitacións da rede viaria provocan tempos de resposta elevados nos desprazamentos cara aos hospitais de referencia, o que xustifica a necesidade de reforzar os recursos de emerxencia na zona.

Neste contexto, a ausencia dunha ambulancia medicalizada con base permanente na comarca supón unha grave deficiencia na atención sanitaria de urxencias e emerxencias. A dispoñibilidade deste tipo de recurso é clave para garantir unha resposta rápida e eficaz ante situacións de risco vital, nas que cada minuto resulta determinante para salvar vidas ou minimizar secuelas.

A dependencia de unidades situadas noutras comarcas provoca tempos de resposta máis elevados, o que sitúa aos nosos veciños e veciñas nunha situación de desvantaxe respecto doutras áreas de Galicia. Esta situación resulta incompatible cos principios de equidade, cohesión territorial e igualdade no acceso aos servizos públicos que deben rexer o sistema sanitario galego.

Cómpre lembrar que a planificación dos recursos de emerxencias sanitarias debe atender criterios de necesidade asistencial, dispersión poboacional e tempos de resposta, garantindo unha cobertura equilibrada en todo o territorio galego, especialmente nas zonas rurais.

É necesario que a Xunta de Galicia adopte medidas urxentes para corrixir esta situación e garantir que a cidadanía da comarca do Ortegal conte cos mesmos dereitos e garantías en materia de atención sanitaria de emerxencias que o resto da poboación galega.

Por todo o exposto, o grupo de goberno **PSdeG-PSOE–BNG** somete ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1. Instar á Xunta de Galicia a dotar á comarca do Ortegal dunha ambulancia medicalizada con base permanente, garantindo unha cobertura adecuada das emerxencias sanitarias e reducindo os tempos de resposta.”



Aberto o turno de intervencións, o Sr. Alcalde di: Se todos estamos de acordo, creo que é fundamental e creo que agora mesmo na comarca que hai concellos con alcaldes de todos os partidos. Creo que se conxuntamente pois vimos a falar co 061 para solicitar esta demanda que creo que é unha demanda moi necesaria, tanto para este concello como para toda a comarca. Os tempos a verdade é que salvan vidas e mais o que se falaba, non? No rural o envellecemento que cada día temos máis, non? Entón, bueno... a posibilidade de que se aprobase conxuntamente así que... Non quero dicir nada mais.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR a moción nos termos nos que quedou transcrita.

8. ROGOS E PREGUNTAS

Aberto o turno de rogos e preguntas, o Sr. Cribreiro García di: Eu reitero o rogo de que se a selección española de fútbol chega á final do mundial que por parte do Concello se poña unha pantalla xigante nalgún lugar para que toda a poboación poida desfrutar do futuro triunfo.

O segundo rogo, teño aquí un escrito que se fixo o 9 de setembro de 2025, dentro de 3 meses mais ou menos vaise cumprir un ano xa desta petición. É una solicitude de información e, como tantas solicitudes de información por parte do Goberno municipal, non temos resposta. En aras da Lei de Transparencia onde se di que todos os grupos políticos teñen o acceso a calquera tipo de expediente, ou calquera tipo de información, agora que está o novo Secretario a ver se en 3 meses esta e todas as solicitudes de información que fixemos no seu momento, se nos da unha resposta. Esta era simple, foi feita en Cedeira a 9 de setembro de 2025, solicitábase acceso e copia do expediente completo relativo á contratación do proxecto técnico denominado “Ampliación e reforma da piscina municipal”, pero como estas, temos moitas peticións de información que non se nos facilitou en tempo e en forma regulamentaria. O rogo é que esta e todas os tipos de información que nosoutros pedimos, se nos dea resposta.

O Sr. Alcalde di: Si que é verdade que de esta pois non hai, pero bueno ten o mesmo procedemento que as demais contratacións que ten o Concello en canto á maioría dos proxectos, pero bueno tamén lle digo unha cousa, quero dicir, non está dicindo toda a verdade, é dicir vostedes dende o seu grupo presentaron moitísimas demandas de documentación e o 90 e moitos por cento delas fóronlle contestadas, igual non en tempo e forma, pero si en forma. Iso senón poñémonos a mirar as solicitudes que vostede fixo e todo iso. Porque foi algo que non sei nun dos Plenos que xa o comentei dixen temos pendente tanta información de tal e desde o departamento xurídico dixo: no, no, igual non se lle da nos tres meses, pero se lles está dando toda a documentación que están solicitando.

O Sr. Cribreiro García di: Non se nos da a información.

O Sr. Alcalde di: Bueno, seguimos entón?

O Sr. Cribreiro García di: Nada máis.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 11:38 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretario, dou fe.

O PRESIDENTE
PABLO DIEGO MOREDA GIL

O SECRETARIO
NEDAL PABLO SHEHADEH REY